



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 13 de xullo de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 11 de xullo de 2016, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

- D^a. Margarita Parajó Calvo
- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
- D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
- D. Pilar Alonso Cacheiro (asiste aos puntos 2a e 2b)
- D. Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 6b, 7c e 8c)
- D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 7a, 7b, 8a e 8b)
- D. Gilberto Moldes (asiste aos puntos 3a, 4a e 6c)
- D. Benjamín A. Collazo Rodríguez (asiste ao punto 6a)
- D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4b e 5a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 29.06.2016

Apróbbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D^a. Margarita Parajó Calvo por non ter asistido á sesión do 29 de xuño de 2016.

b) Acta da sesión do 06.07.2016

Apróbbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D^a. Margarita Parajó Calvo por non ter asistido á sesión do 6 de xullo de 2016.

c) Acta da sesión do 07.07.2016

Apróbbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D^a. Margarita Parajó Calvo por non ter asistido á sesión do 7 de xullo de 2016.

d) Acta da sesión do 08.07.2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Apróbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D^a. Margarita Parajó Calvo por non ter asistido á sesión do 8 de xullo de 2016.

2.- Reformulación de ofertas

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade (7694-113)

A secretaria dá conta do informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 15 de xuño de 2016 no que se recolle a proposta do Concello sobre prezos e condicións a reformular, que foi remitido ao licitador polo Servizo de Contratación e, acto seguido, procédese á apertura da oferta presentada por T-Systems Iberia, SAU., co resultado que se indica deseguido, que se remite ao servizo correspondente para informe:

- Propón como prezo sen IVE da prestación de mantemento do software 68.394,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 14.362,78 euros, o que supón un prezo total do contrato de 82.756,96 euros.
- Propón un prezo hora de prestación de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros IVE incluído.
- Comprométese a efectuar 24 horas ao ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113)

A secretaria dá conta do informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 15 de xuño de 2016 no que se recolle a proposta do Concello sobre prezos e condicións a reformular, que foi remitido ao licitador polo Servizo de Contratación e, acto seguido, procédese á apertura da oferta presentada por T-Systems Iberia, SAU., co resultado que se indica deseguido, que se remite ao servizo correspondente para informe:

- Propón como prezo sen IVE da prestación de mantemento do software 23.521,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 4.939,45 euros, o que supón un prezo total do contrato de 28.460,66 euros.
- Propón un prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros IVE incluído.
- Comprométese a efectuar 0 horas ao ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.

3.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

Dáse conta do informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación do 11 de xullo de 2016 sobre o erro detectado no IVE consignado no prego de cláusulas administrativas particulares. A Mesa acepta, por unanimidade dos seus membros, o informe en base a que os prezos unitarios figuran sen IVE e por tratarse dun contrato cun orzamento limitativo.

4.- Apertura de documentación administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
 1. Viveros O Piñeiro, SL
 2. Centro Xardinería Carballeira, SL
 3. Perica Obras y Servicios

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:
 - Calfensa Proyectos, SL e Viveros Gutiérrez (falta o obxecto social)
 - Veraleza, SL (falta a solvencia técnica)
 - Árboles Noroeste, SL (solvencia técnica insuficiente)

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beirmar, en Vigo (19846-240)

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados.

A secretaria pon en coñecemento da Mesa que a empresa VALORIZA FACILITIES, SAU anunciou, en prazo, a data de imposición da presentación da súa oferta na Oficina de Correos mediante correo electrónico (dirixido ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org). Un membro da Mesa procede á lectura do previsto na cláusula 12.4 do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación (onde se contemplan os requisitos de presentación da documentación) así como do anuncio de licitación (apartados 1 e 7). Verificouse que o fax do Rexistro Xeral do Concello figura no referido anuncio.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos demais licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
1. ORECO, S.A.
 2. CIVIS GLOBAL, SLU
 3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU
 4. CONSTRUCCIONES OREGA, SL
 5. OGMIOS PROYECTO, SL.
 6. COPCISA, SA
 7. UTE ACEVI, SL – GPD CONSTRUCCIONES, SA
 8. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
 9. PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
 10. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA – CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, SA
 11. CONSTRUCCIONES ABAL, SA
- b) Non admitir neste procedemento á empresa VALORIZA FACILITIES, SAU por ter anunciado a data de imposición do envío da súa oferta na Oficina de Correos por correo electrónico, non sendo este un medio admitido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, polo que non se cumpren os requisitos de presentación da documentación previstos na cláusula 12.4 do referido prego, no anuncio de licitación e no artigo 80.4 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

5.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240)

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das oferta admitidas, non comparecendo ningún licitador á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura de documentación económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de vigo (5896-252)

En acto público abriuse o sobre B “oferta económica” das ofertas presentadas co seguinte resultado:

- EQUIPOS Y SERVICIOS DEL NOROESTE, SL (EQUINORD):

- Propón como prezo sen IVE de contrato o de 59.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 12.390 euros o que supón un prezo total de 71.390



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJF-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

euros.

- Comprométese a aportar as seguintes melloras:
 1. Instalación de bombas de achique nas seguintes ubicacións:
 - Marqués de Valadares nº 12: SI
 - Marqués de Valadares nº 22: SI
 - Praza de Compostela nº 2: SI
 - Praza de Compostela nº 7: SI
 - Praza de Compostela nº 13: SI
 2. Incremento dunha revisión completa de mantemento preventivo sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 7 e 8 de cada ano do contrato: SI
 3. Incremento dunha conservación hixiénica sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 11 e 12 de cada ano do contrato: SI
 4. Incremento dun repintado completo de buzóns sobre o requirido no prego a realizar catro meses despois do inmediatamente anterior cada ano do contrato: SI
- Propón unha redución do tempo de resposta ante as incidencias/avarías de 24 horas para as avarías non urxentes e de 24 horas para as avarías urxentes

Non achega orzamento desglosado

- CONTENUR, SL:

- Propón como prezo sen IVE de contrato o de 64.904,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 6.490,48 euros o que supón un prezo total de 71.395,31 euros.
- Comprométese a aportar as seguintes melloras:
 1. Instalación de bombas de achique nas seguintes ubicacións:
 - Marqués de Valadares nº 12: NON
 - Marqués de Valadares nº 22: NON
 - Praza de Compostela nº 2: NON
 - Praza de Compostela nº 7: NON
 - Praza de Compostela nº 13: NON
 2. Incremento dunha revisión completa de mantemento preventivo sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 7 e 8 de cada ano do contrato: NON
 3. Incremento dunha conservación hixiénica sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 11 e 12 de cada ano do contrato: NON



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Incremento dun repintado completo de buzóns sobre o requirido no prego a realizar catro meses despois do inmediatamente anterior cada ano do contrato: NON

- Propón unha redución do tempo de resposta ante as incidencias/avarías de 6 horas para as avarías urxentes (0 horas menos do esixido) e de 24 horas para as avarías non urxentes (0 horas menos do esixido).

Achega orzamento desglosado

- FORMATO VERDE, SL:

- Propón como prezo sen IVE de contrato o de 63.692,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 6.369,24 euros o que supón un prezo total de 70.061,63 euros.
- Comprométese a aportar as seguintes melloras:
 1. Instalación de bombas de achique nas seguintes ubicacións:
 - Marqués de Valadares nº 12: NON
 - Marqués de Valadares nº 22: NON
 - Praza de Compostela nº 2: NON
 - Praza de Compostela nº 7: SI
 - Praza de Compostela nº 13: NON
 2. Incremento dunha revisión completa de mantemento preventivo sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 7 e 8 de cada ano do contrato: NON
 3. Incremento dunha conservación hixiénica sobre as requiridas no prego, a realizar entre os meses 11 e 12 de cada ano do contrato: SI
 4. Incremento dun repintado completo de buzóns sobre o requirido no prego a realizar catro meses despois do inmediatamente anterior cada ano do contrato: NON
- Propón unha redución do tempo de resposta ante as incidencias/avarías de 4 horas para as avarías non urxentes e de 2 horas para as avarías urxentes.

Achega orzamento desglosado

Asiste á apertura D. Carlos Callejo García (DNI 36.070.533-R) en representación de Contenur, SL.

A mesa acorda, por unanimidade dos presentes, dar traslado das ofertas ao servizo xestor para informe e requirir á empresa Equipos y Servicios del Noroeste, SL (Equinord) a presentación do orzamento desglosado.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)

En acto público abriuse o sobre B “oferta económica” da oferta presentada por Aula Informática de Galicia co seguinte resultado:

- Propón unha porcentaxe de redución única aplicable a cada un dos prezos unitarios previstos no apartado 3F das FEC de 10%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- Comprométese a efectuar 80 horas ao ano de programador sen custo para o Concello.
- Comprométese a efectuar 60 horas ao ano de analista programador sen custo para o Concello.
- Comprométese a efectuar 20 horas ao ano de director de proxecto sen custo para o Concello.

Non comparece ningún licitador á apertura.

A mesa acorda, por unanimidade, dar traslado da oferta ao servizo xestor para informe.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

Non se tratou este asunto porque se acordou requirir a emenda da documentación administrativa a varios licitadores.

7.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 8 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 7 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento aplicacións externas de xestión de recursos humanos e nóminas (7729-113) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e o xefe do Servizo de Administración Electrónica do 8 de xullo de 2016 sobre os aspectos a renegociar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:29	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A14A-CHD8B1-522531-RTLUFJ-HW8BK5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332) (informe sobre B)**

A Mesa acepta o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 8 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 7 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor.

c) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento aplicacións externas de xestión de recursos humanos e nóminas (7729-113) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e o xefe do Servizo de Administración Electrónica do 8 de xullo de 2016 sobre os aspectos a renegociar.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V. e Pr.

O presidente da Mesa

A secretaria

David Regades Fernández

Ángela Fernández López

